

APUNTAMENTOS AGUSTÍN DE HIPONA (SÉC.IV-V)

1. **FILOSOFÍA MEDIEVAL PATRÍSTICA**: PAIS DA IGREXIA. PRIMEIRA FILOSOFÍA MEDIEVAL.
2. **COMPLEMENTARIEDADE-HARMONÍA ENTRE RAZÓN E FE** (NON EXISTE OPOSICIÓN), PERO SÍ DISTINCIÓN ENTRE AMBAS. COLABORACIÓN *"INTELLIGE UT CREDAS, CREDE UT INTELLIGAS"*, *"ENTENDE PARA CRER, CRE PARA ENTENDER"*.
3. **RAZÓN**: **FACULTADE DE COÑECEMENTO EXCLUSIVAMENTE HUMANA**. OS **ANIMAIS** POSÚEN A **PERCEPCIÓN** (SENTIDOS) PARA DESENVOLVERSE NO SEU MEDIO NATURAL. O **SER HUMANO** TAMÉN ESTÁ DOTADO DA CAPACIDADE DE SENTIR, PERCIBIR, POR MEDIO DOS ÓRGANOS DOS SENTIDOS, PERO, COMO ESTÁ **CREADO A IMAXE E SEMELLANZA DE DEUS** (A DIFERENZA DE TODAS AS DEMAIS CREATURAS DIVINAS), POSÚE A **RAZÓN** (A LUZ NATURAL). A RACIONALIDADE É UNHA CARACTERÍSTICA ESPECÍFICA DO SER HUMANO. AGUSTÍN VALORA ESTA FACULTADE RACIONAL DO SER HUMANO.
4. **FILOSOFÍA**: UN **SABER RACIONAL** QUE ASPIRA AO **COÑECEMENTO DA VERDADE**. PERO A FILOSOFÍA NON É UN SABER MERAMENTE TEÓRICO (COÑECEMENTO DO MUNDO NATURAL), SENÓN UN **SABER PRÁCTICO** QUE ASPIRA Á **SABIDURÍA**, A **FELICIDADE** (*EUDAIMONÍA*, INFLUENCIA DA FILOSOFÍA GREGA).
5. **FE**: DON CONCEDIDO POR DEUS AOS HOMES, GRACIA DIVINA. ÁMBITO DAS **VERDADES ÚLTIMAS E PROFUNDAS** DA EXISTENCIA HUMANA. VIDA VERDADEIRA. **SALVACIÓN ETERNA** DA ALMA.
6. **RAZÓN-FE**:
 - **"ENTENDE PARA CRER"**: A RAZÓN É ANTERIOR Á FE, PORQUE É UNHA FACULTADE NATURAL DO SER HUMANO, SOMOS SERES RACIONAIS. PERO TER USO DE RAZÓN, NON IMPLICA NECESARIAMENTE TER FE, CRER. PERO A **RAZÓN** DISPÓN AO HOME (QUE EMPEZA A CRER, A TER FE) A **ACEPTAR A VERDADE PROFUNDA DE DEUS**. ADEMAIS, É PREFERIBLE ENTENDER (PARA CRER), QUE SIMPLEMENTE CRER (IRREFLEXIVAMENTE).
 - **"CRE PARA ENTENDER"**: A FE PERMITE O COÑECEMENTO DAS VERDADES PROFUNDAS. COMPENSIÓN DOS MISTERIOS DA FE. A FE É VERDADEIRA E INFALIBLE PORQUE ESTÁ BASEADA NA AUTORIDADE DE DEUS, DAS SAGRADAS ESCRITURAS E DA IGREXIA.
 - **CONEXIÓN RAZÓN-FE**: A **RAZÓN** AXUDA A **ENTENDER A FE** E **CRER** LEVA A **REFLEXIONAR** ACERCA DO QUE SE CRE.
7. **TEOLOXÍA**: **CIENCIA**, QUE APORTA UN SABER. A TEOLOXÍA TRATA DE DEUS E OS SEUS MISTERIOS, PERO APÓIASE NA RAZÓN, QUE PROFUNDIZA MEDIANTE UN COÑECEMENTO REFLEXIVO NO QUE SE CRE.